

**COMUNICADO Nº 065/23****17 DE ABRIL DE 2023****INCIDENCIAS RALLYE A CORUÑA E RALLYE DE NOIA**

Durante a disputa do Rallye A Coruña e Rallye Berberecho de Noia foron varias as actitudes, accións e omisións que distintos equipos participantes na proba cometeron e que dende a Federación Galega de Automobilismo non se consentirán no futuro.

Os principais implicados neste tipo de infraccións, varias delas que acarrearían a exclusión na proba, xa foron notificadas mediante vía telefónica e consideranse unha “reprimenda” tal e como se fai en distintos campionatos internacionais.

A reiteración en actitudes, comportamentos ou violacións dos regulamentos dos campionatos galegos non serán admitidos e seguido os mesmos tomaráanse as decisións precisas para que non se produzan máis sen ter en conta o dorsal ou nome do equipo inscrito.

Asimesmo, recórdase que todos os equipos deben cumprir cos distintos compromisos adquiridos ao inscribirse nun certamen promocional tal e como está recollido no propio regulamento dos mesmos.

A igualdade, legalidade e respecto por parte de todos os implicados nos diferentes certames ten que ser a premisa duns campionatos autonómicos que son un referente para moitas comunidades.